

DIRECCIÓN E REDACCIÓN: BEGOÑA ALLEGUE / OLGA CABALAR



DÍA MUNDIAL DOS OCÉANOS

O MAR
PROXECTO DE CENTRO
2021-22

Lecturamos

LECTURAMOS
O BLOGUE DA
BIBLIOTECA E EDL

MARE MAGNUM

8-xuño: Día mundial dos océanos

Este curso, que dedicamos ao mar, toca ao seu fin e despois de moitas actividades inspiradas no feito mariño-tiñamos que celebrar o día mundial dos océanos.

Ao longo deste curso vimos monstros mariños na literatura, criaturas terroríficas das profundidades abisais, cabazas inspiradas no mar, palabras afogadas no océano do tempo, exposicións de libros de temática mariña, unha abordaxe pirata, escoitamos música clásica e poesía inspiradas no mar, vimos a importancia económica das actividades humanas relacionadas co mar, lemos á beira do mar, reivindicamos a actividade das mulleres no estudo e conservación dos nosos mares e océanos, e nas actividades relacionadas coa pesca, e paseamos por cidades mergulladas baixo o mar e por illas literarias.

O mar, o océano, é a fonte de vida e o gran regulador do clima do noso planeta. Ademais, acolle unha gran biodiversidade. Ten un papel determinante na produción primaria global e tamén nos ciclos de nutrientes esenciais para a vida, como o nitróxeno e o fósforo, ademais de proporcionar recursos de todo tipo. Os humanos necesitamos un mar, un océano, limpo. E nas nosas mans está conservalo.

O océano constitúe a enorme masa total de auga salgada que cobre o 71% da superficie terrestre. A orixe do Océano remóntase a fai 4,4 billóns de anos, e é onde se cre probable que se orixináse a vida de maneira instantánea tras a formación do primeiro océano terrestre.

Toda a auga do océano do planeta está conectada e funciona como unha cinta

transportadora, que leva cara aos polos a auga quente superficial que absorbe CO₂ nas latitudes tropicais do océano Atlántico. Estes grandes sistemas de circulación oceánica son claves na captura do CO₂, estímase que hoxe en día o océano absorbeu o 30% do CO₂ producido polos humanos.

O océano está gravemente ameazado, a contaminación, a sobreexplotación pesqueira, a explotación mineira e a falta de áreas mariñas protexidas son algúns exemplos das graves ameazas que recaen sobre el.




Entra en **Lecturamos** e non te perdas o vídeo no que **Noemí Abeal** (2º ESO) ponlle voz ao océano: "... Cubría completamente este planeta hai tempo, e poderíao volver facer outra vez..."

*El mar, el mar!
Dentro de mí lo siento.
Ya sólo de pensar
en él, tan mío,
tiene un sabor de sal mi pensamiento*

José Gorostiza


Xenealoxía de Océano e Ponto

Traballo do alumnado de Cultura Clásica (3º ESO)




Jacques Cousteau

O 11 de xuño de 1910 naceu Jacques Cousteau, quen se converteu no **oceanógrafo máis famoso do mundo**. Cos seus libros, películas e series, Cousteau difundiu o valor da vida nos mares do mundo e contribuíu a tomar conciencia da importancia da súa conservación. Morreu en xuño de 1997 despois de revelar ao mundo as marabillas do océano.



A inspiración

O medo á páxina en branco, á falta de inspiración, pode bloquear a quen quere expresar as súas ideas. A Musa antiga, a “musa de carne e oso” ou as substancias (o alcol, o láudano ou a absenta) que pretendidamente “potenciaban” a creatividade son o motor deste traballo. Entra en **Lecturamos** e repasa esas fontes de inspiración da man de Raúl M., Diego F., Jacobo M., Helena C., Carla V., Micaela R., Lara C., Natalia S., Carlota V., e Pablo C.



Traballo feito polo alumnado de **Obradoiro de teatro (2º Bacharelato)**

Divindades do mar

O ser humano deuse conta da importancia dos mares e océanos desde moi pronto; así, concedeulle enseguida a potestade do deus, do espírito que está por encima do home e que ten a capacidade de influír directamente na súa vida. Aos deuses da antigüidade clásica como Poseidón, Neptuno ou Océano únense, noutras tradicións, outros moitos deuses que encarnan a forza xeradora e destrutora do océano.

Vexamos algúns:

Yacuruna. É un dos espíritos máis importantes do Amazonas. Ten a capacidade de controlar a todos os animais da auga



Coventina aparece como a máis importante deusa acuática de Gran Bretaña setentrional cando a zona estaba habitada por celtas- britones.



Derceto. É unha deusa da mitoloxía asiria representada en forma de peixe con cabeza, brazos e peito de muller. A ela estábanlle consagrados os mares e os peixes.




Mama Cocha (Mamacocha). En quechua significa Nai das Augas. Trátase da deidade inca de todas as augas. Representa o mar, a marea, así como os lagos, ríos e fontes. Os seus fillos eran os mananciais.



Yemayá ou Jemanjá. É a Orisha (divindade) da fertilidade na relixión yoruba de Nixeria. Originalmente está asociada cos ríos, o mar e en xeral con calquera corpo de auga, ademais tamén a consideraban como un símbolo de fertilidade e maternidade.



Watsumi (tamén coñecido como Shio- Zuchi, O vello home das mareas). No sintoísmo é o máis importante dos moitos deuses mariños. É o dominador dos peixes e de todos os seres viventes do mar e ademais é quen domina as mareas.



Váruna. No marco do hinduísmo Váruna é o deus do océano. O seu vajana (vahana: ‘vehículo’) era un ser que a miúdo é representado cunha forma similar á dun crocodilo chamado Makara.



Campionato FPBÁSICASKILLS Galicia

A alumna Andrea Ríos quedou segunda. Noraboa polo traballo e este segundo posto. E noraboa tamén ao resto de participantes



Club de lectura



A ctividade final do club de lectura

Gañadores do concurso de Rosalía


V alorados os poemas entregados para o concurso de "Rosalía con emojis", o xurado composto polos membros do equipo de biblioteca e a profesora Micaela Rei decide os seguintes premios.

- 1ª premio ex aequo **Daniela Corral** e **Leire Ocampo** (1º ESO)
- 2º premio ex aequo **Eva Fernández** e **Mishelle Calviño** (1º ESO)
- 3º premio **Claudia Sánchez** (1º BAC)




Podcast

Neste podcast recolleemos o audio que acompaña ao vídeo sobre o océano. **Noemí Abeal** ponlle voz ao océano.



Pintura



A condición humana

Magritte é, xunto a Dalí, o artista máis representativo do movemento surrealista. O seu estilo é inconfundible: debuxo sinxelo, cores planas e temas cotiáns para representar escenas cunha resolución enigmática e inesperada. Na condición humana II, o pintor belga dedícase ao tema do "cadro dentro do cadro", recorrente en toda a súa produción artística. O sentido é máis ou menos o seguinte: o cadro constitúe só un obxecto que reflicte, máis que a realidade, a representación mental que o artista constrúe dela.

Todo o que consideramos parte do mundo externo non é máis que a proxección da nosa dimensión interna. O mar, neste caso, é o elemento crucial á hora de demostrar esta teoría: o artista opta por "fixalo" inexorablemente no lenzo, pero como se pode considerar realista esta operación se non existen ondas sen movemento? O mar de Magritte, na súa inmovilidade irreal, faise eco da condición humana."

Fin de curso

Este curso rematamos a actividade lectiva con varias saídas, actividades e exposicións



Excursión de 4º ESO e 1º Bacharelato



Actividades acuáticas 4º ESO



Campionato de ping pong



Saída de 2º ESO ao complexo acuático de Cerceda



Figuras xeométricas



O alumnado de 1º e 2º de ESO participou nunha campaña de concienciación en materia de igualdade e violencia de xénero impulsada polo Concello



Ruta dos lavadoiros 1º ESO



Saída de FP Básica

Yellow day: o día máis feliz do ano

O 20 de xuño celebramos o día máis feliz do ano. De acordo coa psicoloxía da cor, o amarelo que caracteriza a este día tan especial simboliza a felicidade, o optimismo, o positivismo, a diversión, a intelixencia e a creatividade. Ademais este día coincide co Solsticio de Verán, momento en que o sol alcanza a súa máxima declinación, proxectando a súa luz sobre a máxima latitude xeográfica sobre a Terra. Diversos factores levan a catalogar ao Yellow Day como o día máis feliz do ano, como o incremento das horas de lecer, a mellora das condicións climáticas e a proximidade dos días libres. Non dubides ser feliz este Yellow Day e todos os días!

Un ano de despedidas



Este fin de curso é un tanto raro porque á volta de vacacións imos atopar un claustro moi distinto. Sempre houbo cambios no profesorado e sempre contamos coa achega e traballo de compañeiros que viñan por un ano a Mugardos como destino provisional. Pero este ano é distinto; ademais dos profesores provisionais vánosen moitos compañeiros que levan connosco moito tempo, ben por cambio de destino ou ben por xubilación. Estamos a falar de ao redor dun 35% do claustro, unha renovación considerable. Aos que quedamos, e aos alumnos, farásenos un pouco raro non ver algunhas caras pois son parte substancial deste centro. O único que podemos facer é desexarlles sorte e esperar non bótalos moito de menos (cosa improbable).

Unha mención especial para Begoña Allegue, redactora e colaboradora indispensable desta revista, sen cuxa implicación e saber facer non sería posible realizar esta e outras moitas actividades.

